

María Antonia Dans

Día da Ilustración 2023

O día 30 de xaneiro, coincidindo co aniversario do nacemento de Castelao (Rianxo, 1886), celébrase dende o ano 2014 o Día da Ilustración Galega. A edición deste ano escolleu á pintora María Antonia Dans como figura relevante do mundo das artes plásticas. As razóns da elección póñense en relación coa difusión da súa obra e a valorización do legado que a artista nos deixou, á par que o recoñecemento do seu papel pioneiro e anovador como muller dedicada ao mundo da pintura.

Biografía

M.^ª Antonia naceu en Oza dos Ríos en 1922, aínda que sendo moi nena trasladou coa súa familia a súa residencia a Curtis. As vivencias destes anos de xuventude na Galicia rural marcadas polas sensacións e as cores da natureza influíron de xeito significativo na personalidade e na traxectoria artística da pintora.

Aos dezasete anos comeza a recibir leccións de debuxo da man da mestra Lolita Díaz Baliño (artista homenaxeada no Día da Ilustración 2021) na Coruña. Nesta cidade realiza as súas primeiras exposicións no ano 1950. Dous anos despois casa co xornalista Celso Collazo e trasládase a Madrid, onde entra en contacto co mundo artístico da capital. A pintura paisaxística vai ser a modalidade que vai captar o seu interese e sobre a que desenvolverá as súas obras. O estilo inxenuo, case infantil, que a autora plasma nos seus cadros axiña vai captar a atención dos críticos de arte madrileños. A partir de 1953 inicia as súas exposicións na capital do Estado e, posteriormente, a súa obra darase a coñecer no resto de España e en varios países estranxeiros.

M.^ª Antonia prosegue os seus estudos artísticos coa asistencia a clases de pintura na Academia de Belas Artes en Madrid. Recibe varias bolsas de estudos que lle permiten completar a súa formación e visitar cidades relevantes a nivel artístico como Florencia, Roma, Pisa ou París.

Faleceu en Madrid en 1988.

Estilo

As faenas do campo e o mundo do mar son temas habituais na súa obra. O feito de que gran parte da súa vida se desenvolvese lonxe de Galicia non a afastou dunha temática profundamente enraizada na súa terra natal. As imaxes dos campos galegos, dos paisanos e da propia natureza son os elementos centrais de moitos dos seus cadros.

A pintura de María Antonia Dans pódese relacionar cun estilo neoexpresionista, tamén catalogado coa etiqueta *naif*. A súa concepción artística ten unha raíz deliberadamente inxenua, con trazos característicos do bordado popular. As paisaxes son elementais e adoitan contar coa presenza de

elementos que lembran aos mosaicos. A súa obra, cualificada como figurativa e paisaxística, recolle imaxes cheas de alegres cores que evocan e comunican unha sensación pracenteira e feliz.